

**Iniciadas as obras
do aparcamento en
Granitos de Galicia**

Páxina III

**Salvaterra quiere
convertir a Estación nun
Museo do Ferrocarril**

Páxina IX

**XXVII Feira do Requeixo
e Mel en As Neves**

Páxina XI

**Monção e As Neves
proxectan unha ponte
colgante peonil e para
bicicletas no río Miño**

Páxina XII

**Entrevistas aos
candidatos á alcaldía
de Ponteareas (I)**

Páxinas XVI a XIX



A IV Semana das Ciencias acolle a I Feira da Saúde e Benestar

Páxina II

Óptica mahen
mahen audíoprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A IV Semana das Ciencias acolle a I Feira da Saúde e Benestar organizada por BANASTRA

As tres universidades gallegas estarán presentes na cuarta edición da Semana das Ciencias,, así o adiantou a concelleira de Ensino, Cristina Fernández, que este ano presenta como novidade a primeira feira da Saúde e Benestar que terá lugar o día 6 na contorna da praza Bugallal de 10 a 20 horas.

A Universidade da Coruña, a de Santiago e a de Vigo terán un stand no que compartirán os seus proxectos e investigacións xunto aos demais postos das diferentes empresas do sector. Esta actividade está organizada polos comerciantes de Ponteareas a través de BANASTRA.

Esta primeira feira da Saúde e do Benestar forma parte dun completo programa que ao longo de seis días achega á ciencia á cidadanía. “Que as persoas se familiaricen coa

ciencia e descubran que está detrás de cada secuencia do día a día, que vexan a importancia da investigación e que lle perdan o medo é o obxectivo desta semana das ciencias que, ano tras ano, medra e recibe recoñecementos”.

Ademais das visitas educativas a empresas e museos, tamén haberá contacontos, exposicións fotográficas, o congreso do alumnado, o seminario para profesorado e o museo permanente “ciencia en movemento” con máis de setenta obxectos que baixo o lema “prohibido non tocar” se ofrecen ao alumnado ponteareá de 6º de primaria e 4º da ESO.

Para garantir que toda a cidadanía participe a ciencia sae ás rúas e o día 5 de 17:30 a 20:30 horas e invade a praza Bugallal con stands dos centros escolares nos que o público poderá experimentar, interac-



tuar e manipular os inventos e propostas que acheguen en cada stand.

No salón de plenos do concello terá lugar o día 6 un nova edición de “Achégate á ciencia” ás 11:30 horas co obradoiro impartido por EDU-VÍA “Con ciencia de muller” e ás 12:00 horas, a doutora en ciencias da saúde Thais Pousada realizará un obradoiro sobre trucos e materiais de baixo custo para a vida autónoma

aberto a todos os públicos. Neste mesmo emprazamento ás 13:00 hora entregaránse os premios do concurso de fotografía “Ponteareas e a saúde”.

Durante estes seis días a sala multiusos do auditorio acollerá sete conferencias. Benito Vázquez Dorrió, doutor en física e premiado en 2018 por “Ciencia en acción” será o encargado de abrir esta IV Semana das Ciencias o día 1 ás 19 horas na sala multiusos do

auditorio. A doutora en medicina e especialista en neumoloxía no hospital Álvaro Cunqueiro, a ponteareá Cristina Represas Represas, ofrecerá a primeira conferencia baixo o título “Respirando saúde”.

As distintas conferencias que se producirán ata o día 4 viaxarán polo mundo da autoestima e da psicoloxía, polo medio ambiente e a saúde, pola submisión química, polos tratamentos para déficits de atención e hiperactividade, pola fisioterapia do solo pelviano ata chegar á conferencia final “A Música da Mente”, a cargo de Xurxo Mariño, doutor en ciencias biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela.

O pasado ano, a Semana das Ciencias recibiu o recoñecemento da organización internacional HSCI (Hands of Science) pola súa labor de excelencia.

O Monte Comunal de Ponteareas cambia eucaliptos por frondosas

Decididos a mudar as condicións que propician a propagación dos lumes, na comunidade de montes de Ponteareas, están a cambiar os eucaliptos por carballos, castiñeiros e cerdeiras.

“Este mes de marzo foi especial para o noso monte, di a presidenta, Mª Xesús Rodríguez, pois conseguimos a implicación de moitas persoas que cada vez están máis interesadas na protección do noso entorno”.

A zona de actuación en Ponteareas é a mesma pola que entrou o lume en outubro de 2017, polo que é importante mudar a paisaxe e facer unha franxa de protección arredor das Chans da Picaraña. Dende os lumes lévanse plantadas máis de mil árbores de especies

autóctonas, entre carballos, castiñeiros, cerdeiras e noceiras, contando co patrocinio de Clínica Alsana, co seu proxecto “Unha árbore, unha vida” e coa colaboración de dúcias de comuneiros e voluntarios. Tamén o alumnado do colexio “La Inmaculada” coa axuda de cuadrillas do Distrito XVII Condado Paradanta, leva dende o 2005 reforestando esta área recreativa con plantas creadas de semente por eles mesmos nas festas do Magosto, ou patrocinadas polo programa “Voz Natura”.

Deseucaliptización colectiva.-Para completar o traballo 45 voluntarios volveron á mesma zona da plantación o pasado 23 de marzo para eliminar máis de 8000 pes de eucaliptos e acacias, sumándose así ao proxecto de dúcias de colecti-



vos que celebraron o “Día Mundial dos Bosques” transformando os nosos montes en

verdadeiros ecosistemas naturais. Esta iniciativa foi proposta por “Cousas de Raíces” unha

entidade conformada por máis de 60 colectivos a prol do noso monte.

PONTEAREAS

A veciñanza amósase favorábel á humanización do entorno do auditorio e mercado municipal

Varias dúcias de veciños e veciñas da rúa Fernández Vega e arredores do auditorio e mercado municipal interviron no proceso de participación social para definir a humanización dese espazo. Fixérono tanto a través da web municipal, no espazo habilitado polo Concello baixo o título “Ponteareas o teu fogar” como na reunión celebrada onte 21 de marzo. Ademais, os responsabeis municipais mantiveron encontros cos comerciantes da Praza de Abastos e cos alfombristas da rúa.

A veciñanza amosouse a favor da humanización da rúa no tramo comprendido entre o auditorio e o mercado e valorou a proposta elaborada polo equipo técnico. Deste



xeito, o proxecto definitivo redactarase nos vindeiros días para a súa aprobación no Pleno, licitación e adxudicación. As obras executaranse ao longo deste ano, despois da celebración do Corpus.

A reforma proxectada prevé a creación dunha plataforma

única entre os dous edificios, como se dunha praza se tratara, mantendo a circulación de vehículos nos dous sentidos. Estes deberán subir á plataforma e circular a tan só 20 km/h, garantindo así a seguridade dos peóns. O obxectivo da actuación é converter esa zona comercial

con grande movemento de persoas nun amplo espazo peonil atractivo, agradábel e seguro, con mobiliario urbano como bancos, nova iluminación e arborado de certo porte.

O alcalde Xosé Represas e a tenente de alcalde Chus Garrote agradeceron á veciñanza a súa participación e “as ideas aportadas que mellorarán o proxecto” e enmarcou esta actuación no obxectivo do goberno de “transformar por completo a vila converténdoa nun lugar pensado para a xente”.

Esta obra estará financiada polos fondos europeos de desenvolvemento rexional da Unión Europea dentro da estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable”.

A ITV de Agrícolas en Ponteareas e Salvaterra



A ta o día 2 de abril, ámbolos dous incluídos, a unidade móbil de inspección técnica de agrícolas estará en Ponteareas. En horario de 09:00 a 13:30h e de 15:15 a 18:00 horas de luns a venres, agás o día 2 que estará só de mañá todos os propietarios de vehículos agrícolas poderán realizar a inspección técnica diante do campo de fútbol de Pardellas.

Os días 3 e 4 de abril, no mesmo horario, a unidade móbil estará no Campo de Fútbol de Dextros, en Salvaterra de Miño.

Para solicitar cita previa ou ben chamar ao 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

Iniciados os traballos para o acondicionamento do aparcamento en Granitos de Galicia

Habilitaranse de inmediato 61 prazas que se ampliarán ao dobre nos vindeiros meses

O Concello de Ponteareas informou do inicio dos traballos de acondicionamento do aparcamento na Avenida de Galicia, no solar da antiga empresa Granitos de Galicia. Tras lograr a cesión de 7.300 m² do solar, a concellería de medio ambiente que dirixe o alcalde Xosé Represas procedeu nas últimas semanas á limpeza e desbroce do terreo, realizando un levantamento topográfico e un estudo de control de solos e augas. Tendo en conta o estado do solar, unha parte da superficie cedida será habilitada de inmediato polo Concello como aparcamento con 61 prazas, 2 delas para persoas con mobilidade redu-

cida e 4 prazas para motocicletas. O resto do solar, con cabida para aproximadamente outro medio cento de prazas, habilitarase máis adiante ao requirir un acondicionamento máis complexo.

A tenente de alcalde Chus Garrote coordina os traballos para crear o aparcamento que deron comezo esta semana e consisten no peche da parcela e a delimitación da zona de estacionamento con valados, o pintado e sinalización das prazas de aparcamento así como a iluminación do recinto. A previsión é que os traballos estean rematados en varias semanas para que o aparcamento, que terá o seu acceso desde a Avenida de Galicia, entre en servizo.

Por último, Chus Garrote lembra que no futuro o espazo poderá albergar un aparcamento soterrado e, na superficie, zonas verdes, destinándose o edificio de Aceros a uso público.



Nova cita coa Doutora Thais Pousada

A concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández, informa dunha nova cita coa Doutora en ciencias da saúde, Thais Pousada, o vindeiro luns 8 de abril ás 18:30h na aula CEMIT do centro social ubicado na rúa Oriente.

Nesta ocasión, a ponteareá Thais Pousada falará coa mocidade de como buscar información sen morrer no intento. Ven tomar un café e vaite cargado de trucos, atallos e información útil e práctica.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACIP demanda ao concello que informe aos veciños sobre o calendario das ITV móbiles

Non deixa de sorprenden que un servizo tan útil para Ponteareas agora non sexa suficientemente informado polo concello, coa cantidade de medios que conta e porque falamos dun beneficio de tódolos veciños. E non deixa de sorprenden porque no seu momento custou traer o servizo da ITV itinerante ata a vila e agora pódese perder.

Ponteareas foi demandante no seu momento co agora portavoz de ACiP, Juan Carlos González Carrera, como concelleiro de seguridade. Pretendíase evitar que usuarios da vila tivesen que desprazarse ata a nave máis próxima da Inspección Técnica de Vehículos, en Porriño, especialmente os propietarios de vehículos agrícolas que en moitos casos víanse obrigados a contratar un servizo de guindastre para acudir á ITV e pasar alí a revisión. O servizo móbil ampliouse logo a ciclomotores e motocicletas, e



tamén aos turismos lixeiros.

Desde entón, e nun calendario que periodicamente publica a ITV, os vehículos agrícolas poden pasar a revisión na chaira de Pardellas -do mesmo xeito que os turismos- mentres que motos e ciclomotores fano fronte ao parque de bombeiros, na rúa das Pombas.

Tras os esforzos realizados no seu momento agora o goberno parece facer caso omiso a estes servizos, non informando os veciños e especialmente aos do rural, pola cantidade de vehículos agrícolas que alí hai e pola importancia

destas revisións. Deixamento de funcións que fai que moitos usuarios decátense tarde do calendario e horarios de ITV en Ponteareas, obrigándoos a pasar a revisión a Porriño.... "e esta si sería unha verdadeira axuda ao rural", asegura o candidato de ACiP.

Ata o día de hoxe, no que levamos de 2019 a ITV para motocicletas e ciclomotores xa pasou en dúas ocasións pola vila, (os días 28 de xaneiro e 20 de febreiro), mentres que a de turismos fíxoo os pasados 1 e 4 de marzo sen que o concello dera información puntual diso.

A Xunta conclúe as melloras da PO-403, con beirarrúas, varanda e pivotes

A candidata do PP á Alcaldía de Ponteareas, Belén Villar, agradece á Xunta a súa implicación, novamente, con Ponteareas ao concluír no prazo previsto as obras de seguridade viaria e peonil na estrada autonómica PO-403.

O viario, que transcorre entre Ponteareas e Angoares, conta xa cunha nova beirarrúa con varanda de seguridade, entre o cruzamento de Mondariz e a entrada a San Roque, e novos pivotes, que foron repostos, substituíndo os anteriores, pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

"Era unha demanda moi necesaria, a Xunta soubo entender esta necesidade e actuou de forma moi rápida. Agora os veciños poderán transitar de forma máis segura por este viario", afirma Belén Villar.



A candidata do PP lembra que a Xunta de Galicia "sempre se implica con Ponteareas" e lamenta que o Goberno municipal non teña en conta as necesidades do municipio nin se preocupe por dar saída aos problemas.

O concello informa ás Casas Culturais sobre as novas subvencións e os puntos wifi

O Alcalde de Ponteareas, o Concelleiro de Novas Tecnoloxías e a Concelleira de Cultura mantiveron o venres 29 unha reunión cos representantes das Casas Culturais da localidade para informalos sobre a nova convocatoria de subvencións e a instalación de puntos de conexión

wifi gratuitas nestes edificios parroquiais.

A convocatoria deste ano recolle un total de 50.000 euros para distribuír entre as Casas Culturais atendendo a criterios obxectivos e transparentes de reparto recollidos nas bases.

Respecto á conexión a in-

ternet, instaláranse dous puntos, un exterior e outro interior, ademais dun escaner e o mobiliario correspondente. Con cargo ao orzamento, as Casas Culturais disporán de acceso gratuito á rede durante cinco anos dentro da estratexia europea "Ponteareas, hábitat saludable" financiada polo fondo

européu de desenvolvemento rexional da Unión Europea. O Concello tamén prevé colaborar coas Casas Culturais para promover a alfabetización dixital a través de cursos.

Ademais tamén se deu información sobre o programa de actuacións e actividades Cultura24 que ofrece actuacións

contratadas polo Concello para as Casas Culturais da localidade. Outro programa en marcha, sobre o que tamén se informou, é o circuito cultural que permite ás Casas Culturais solicitar actuacións subvencionadas polo Concello de grupos musicais, artistas, etc da localidade inscritos en dito circuito.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

A plataforma da N-120 esixe a Fomento a contratación dos proxectos de circunvalación e seguridade viaria da N-120

O venres 8 de marzo reuniouse a plataforma da N-120 na que o alcalde Ponteareas, Xosé Represas, e a tenente de alcalde, Chus Garrote, trasladaron o estudo de alcance do proxecto da variante que unirá a PO-403 e a N-120 presentado polo Ministerio de Fomento nun encontro mantido na subdelegación do goberno en Pontevedra.

Nesta reunión houbo unanimidade da plataforma, conformada polos grupos políticos da Corporación e polos representantes veciñais de Areas, Arnoso e Xinzo, en reclamar de Fomento a concreción oficial dos compromisos xa que son actuacións polas que se leva agardando décadas e xa non é tempo de conformarse con manifestacións de interese nin promesas.

A plataforma acordou manifestar públicamente esta esixencia da necesidade de concretar prazos e de contratar de inmediato os proxectos pendentes sendo o grupo de goberno o que traslade esta decisión ao Ministerio, recordán-



dolle que a variante ou circunvalación terá que transcurrir polo trazado que xa figura no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Por outro lado, os integrantes da plataforma esixen tamén a contratación do proxecto de mellora da seguridade viaria da N-120, outra demanda histórica que precisa resposta urxente, recordándolle a Fomento que para o tramo que cruza Areas, Arnoso e Xinzo figura nos orzamentos prorrogados de 2018 unha previsión económica de tres millóns de euros para o 2018 e tres millóns para 2019 para un proxecto que contemplaba a construción

de glorietas nestas tres parroquias nos enlaces cos viais municipais así como sendas que garantan a seguridade tanto peonil como ciclista.

A esixencia da plataforma está motivada por comprometer estas partidas económicas comezando pola licitación do proxecto para que finalmente a obra se poida executar con cargo a este diñeiro.

A plataforma esixe a materialización destes dous compromisos adquiridos por Fomento coa súa publicación da contratación dos proxectos, licitacións que deben publicarse no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Chus Garrote considera que a Xunta non está en condicións realizar “esixencias” cando se desentendeu de Ponteareas



Garrote lamenta que a Xunta de Galicia tome unha postura política destrutiva e recórdalle ao goberno autonómico que con Solla, Feijóo e Rajoy no goberno durante anos, “non fixeron nada para que se executasen as obras da circunvalación e de seguridade na N-120”.

Así, os socialistas de Ponteareas lamentan que a Xunta de Galicia e o Partido Popular aposten pola política da crispación e da confrontación a través do engano deliberado. Neste senso Chus Garrote afirmou que “O PSOE fala con feitos e o certo é que só precisou só 8 meses no goberno de España para sacar

adiante a circunvalación, mentres que o PP estivo tomándolle o pelo aos veciños de Ponteareas durante anos”.

Para Chus garrote o PP e Belén Villar quedaron desmascarados ante os veciños e engade que todos as mentiras e ataques lanzados durante estes meses foron desmontados co anuncio e compromiso do Ministerio de Fomento.

“Puxeron a escusa do orzamento e do convenio e hoxe isto xa non é un problema porque o goberno socialista de España asumirá todo o proxecto tras a Xunta desentenderse das súas obrigas con Ponteareas” senten- cia Chus Garrote.

Represas confía en que no mes de abril se confirme a financiación da ampliación da depuradora

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, amosouse satisfeito ante a confirmación efectuada no Parlamento Galego pola directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, de que a Xunta colaborará co Estado e Concello na financiación da ampliación da depuradora de Ponteareas.

Represas sinalou que “desde hai bastantes meses as tres administracións mantivemos contactos nos que, verbalmente, se adiantou que o Estado financiaría o 60% da obra, a Xunta o

20% e o Concello outro 20%”. O alcalde coincide coa Xunta na necesidade de concretar canto antes esta colaboración entre administracións a través do correspondente convenio e confía en que se poda conseguir durante o mes de abril.

“Recentemente o Ministerio rematou a redacción do proxecto de ampliación polo que agora o único que resta é elaborar ese convenio no que se recollan os compromisos e obrigas de cada parte”, sinalou Represas quen destacou

“a boa sintonía entre Xunta, Estado e Concello para afrontar este enorme investimento que dará solución a un dos máis graves problemas actuais de Ponteareas que viñamos arrastrando desde hai 20 anos. Nos cumpriremos coa nosa aportación ao termos recuperado economicamente o Concello”.

Respecto ao saneamento de Ribadetea, o alcalde lembrou que “Aguas de Galicia comprometeuse co Concello e cos propios veciños a redactar o proxecto de saneamento integral desta



parroquia. Este compromiso adquirido estamos seguros que se vai cumprir en breve de maneira que a ampliación da depuradora permitirá tamén a execución e posta en funcionamento dese saneamento”.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Rosario Quinteiro gaña o concurso de cartaz do Corpus

As festas do Corpus de Ponteareas levarán neste ano 2019 a pegada da pintora ponteareá Rosario Quinteiro que ven de gañar a última edición do concurso de cartaz do Corpus Christi.

Rosario Quinteiro faise co primeiro premio cun cartaz que volve ás orixes con alusións ás tradicións e ás señas de identidade de Ponteareas pondo en valor algúns dos elementos patrimoniais e a arte floral.

O deseño gañador adaptárase agora aos distintos formatos promocionais que divulgarán esta nova edición das festas do Corpus de Ponteareas e das alfombras florais.

Coloquio internacional

Ademais, Ponteareas celebrou o 15 de marzo, do I coloquio internacional "O patrimonio etnográfico. A propósito da celebración do Corpus en Ponteareas: valor cultural e recurso territorial" organizado en colaboración coa Universidade de Santiago de Compos-



tela e a Universidade de Vigo.

Este primeiro coloquio reuniu en Ponteareas a estudosos, alfombristas, técnicos e universitarios de Galicia e Portugal co obxectivo de estimular e promover o intercambio de ideas, experiencias metodolóxicas no coñecemento do patrimonio etnográfico, estratexias de conservación, xestión e posta en valor do patrimonio así como do turismo espiritual.

Conferencias e mesas de traballo nas que durante todo o día os relatores chegados das universidades portuguesas do

Algarve, Trás-os-Montes e Alto Douro, das universidades de Santiago de Compostela, da Universidade de Vigo, da Universidade Miguel Hernández, da Universidade de Alicante, do Museo do Pobo Galego e do Centro de Estudos e Investigación Turísticas, falan do turismo como elemento dinamizador do patrimonio etnográfico, do arte efémero das alfombras de Corpus, do vínculo entre o medio ambiente e o patrimonio ou dos centros de interpretación entre outros moitos temas.

Represas aclara que os locais públicos son dos cidadáns para expresarse libremente

O alcalde de Ponteareas Xosé Represas considera que a polémica creada co uso do salón de plenos para a gravación dun videoclip dun grupo musical demostra "a alerxia que o PP ten á liberdade de expresión e aos dereitos fundamentais".

Represas amosouse contundente engadindo que "mentres sexa alcalde os locais públicos estarán a disposición da cidadanía para expresarse libremente e nunca exerceremos a censura previa para deixar ou denegar eses locais en función do que se vaia dicir neles".

O alcalde conclúe lamentando "a deriva demencial do PP e determinados medios de comunicación que criminalizan calquera opinión que sexa crítica coa constitución española. Defender a república fronte a monarquía ou a independencia fronte ao

estado unitario está amparado pola liberdade de expresión e non é un delito. Deixar un local público para quen quere expresalo é unha obriga de calquera democrata, estea ou non dacordo con eses plantexamentos políticos. E deixar un local público no quere dicir que o goberno local comparta o que nese acto ou actividade se vaia expresar".

Por último Represas considera "incomprensíbel que o PP diga que os locais públicos non se poden utilizar para actos partidistas cando todos os partidos en Ponteareas empregan locais municipais para os seus actos políticos". O Alcalde pediu á veciñanza que tome nota e evite unha volta ao pasado. "Co PP de novo no goberno xa sabemos o que nos espera: os locais públicos só poderán usalos os que pensen coma eles" concluíu o alcalde.

Herdeiros da Crus cabeza de cartel do Rock in Río Tea 2019

Financiado polo concello de Ponteareas, Herdeiros da Crus será o prato forte da sétima edición do Rock in Río Tea o sábado 20 de xullo na Feira Vella. A mítica banda galega de rock liderada por Maneiro e Tonhito de Poi encabezará un cartaz cun total de oito bandas que actuarán os días 19 e 20 de xullo, ao que se unirán as actuacións do rock na rúa, concertos matutinos diante de distintos locais hosteleros ao longo do mes de xuño.



O goberno inviste máis de 140.000€ en melloras no complexo deportivo Álvaro Pino

O goberno de Ponteareas actualizará os equipamentos da piscina municipal e instalará unha nova climatizadora que reducirá a condensación e manterá a temperatura axeitada tanto dentro como fóra da auga. O importe desta obra ascende a 109.603,01€.

A esta mellora que se realizará na piscina municipal hai que sumarlle o investimento de 32.278,72€ do proxecto de ampliación de potencia e reforma da instalación eléctrica do complexo. "Esta era unha obra moi necesaria non só porque había que subs-

tituir as celdas que protexen o transformador se non porque había que actualizar e legalizar un transformador que no goberno do PP foi aumentando de potencia sen ter sido nunca legalizado".

Ao igual que coa anterior obra, a empresa adxudicatária, a xestora do complexo deportivo Álvaro Pino e o goberno municipal fixarán o momento máis axeitado para que a actividade dos máis de tres mil usuarios deste complexo non se vexa afectada.

O goberno investirá un total de 141.881,73€ en melloras na piscina municipal.

As mulleres de Ponteareas, protagonistas



O concello de Ponteareas ás mulleres nun acto enmarcado dentro das iniciativas programadas polo Día da Muller. En colaboración cos colectivos e asociacións veciñais que propuxeron ás homenaxeadas, o goberno de Ponteareas agradeceu no auditorio o traballo e o exemplo de esforzo destas mulleres.

Verónica Carrera en colaboración cos distintos colectivos sociais e veciñais quixo que onte se fixera visible a loita das mulleres que no seu día a día conviven con persoas con enfer-

midades mentais e, a proposta de Avelaíña, recibiron unha sentida homenaxe María Lueiro, Rosa Barreiro, Olivia María da Rocha e Enma Otero.

Tamén subiron ao escenario do auditorio as coñecidas como “mozas de ouro de Prado”: Carmen Tellado, María Diz, Josefa Cuña, Hermosinda Álvarez, Isolina Cuña, Divina Rodríguez e Nieves Rodríguez.

Ademais, a parroquia de Xinzo decidiu que as primeiras mulleres da banda de música Xuvenil de Xinzo tiveran un recoñecemento: M^a Isabel

Giráldez, Milagros Carrera, M^a Carmen Giráldez, M^a de las Nieves Ibáñez, Carmen Rodríguez, Ana Isabel Troncoso e M^a Purificación Giráldez.

A primeira muller en traballar no centro de saúde de Ponteareas, Berta Mosquera lembrou no auditorio os seus comezos e a necesidade de seguir traballando pola igualdade. Pilar Pérez Tato, primeira muller en ter o seu propio negocio, compartiu co público as súas vivencias e a alfombrista Teresa Carrera declarouse orgullosa de ser muller e alfombrista.

Ensino solicita francés para a Escola de Idiomas



A concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández, traslada á dirección xeral de centros dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a necesidade de incorporar a especialidade do idioma francés na oferta de estudos da delegación da Escola Oficial de Idiomas (EOI) en Ponteareas.

A extensión da EOI de Vigo en Ponteareas ubícase no IES do Val do Tea impartindo a especialidade de inglés.

“Está demostrado que temos capacidade de poboación suficiente como para ampliar a nosa oferta formativa e entre os novos estudos debe figurar o idioma francés”.

O remendón CERRAJERO 



- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL 

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en Anqueiros e Lampreiros, Pintos do Río, Casaca e Pimenta, Rosalón e Risco de Irada.

RESERVAS: Ana 601 040 534 - Coke 646 424 960
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **PINTURAS FERNANDO MIGUEZ**

Rúa Argentina, 11 - Salvaterra de Miño
T: 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
T: 986 658 529

Móvil 645 316 324
pinturasfernandomiguez@hotmail.com



 **LIMPIEZAS PONTEAREAS**

*Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas*

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 082

Panadería Pastelería A Fogaza

Pan Artesano



Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

CONDADO/ PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Día da árbore con actividades didácticas nos Centros Educativos e na Canuda.

Un ano máis, con motivo da celebración do día da árbore, a Concelaría de Medio Ambiente, que dirixe Marta Valcárcel, organiza varias actividades involucrando aos Centros Educativos do Municipio.

A celebración deste día serve como recordatorio da importancia de protexer as superficies arboradas. Concello de Salvaterra de Miño esta a plantar diversas árbores nos seus Centros Educativos para conmemorar o Día Internacional da Árbore facendo partícipes aos máis cativos, e así programouse a plantación de diversas árbores froiteiras e carballos no CEIP Infante Felipe de Borbón, no



CEP Carlos Casares de Alxén e no CEIP de Leirado, os nenos e nenas do CRA A Lagoa farán a plantación no Parque Público A Canuda. Ademais todos poderán desfrutar dun espectáculo infantil "Planta e replanta", buscando a concienciación

dos máis cativos no coidado e respecto hacia o medio ambiente. O día 21 realizouse a actividade o CEP Carlos Carares, o 22 no CEIP de Leirado e o vindeiro 12 de abril sera o día do CRA A Lagoa, na Canuda, e do CEIP Infante Felipe.

Camiño de Santiago Portugués pola Costa do 18 a 21 de abril

O Concello de Salvaterra de Miño, en colaboración coa Asociación Cultural de Meder, invita aos seus veciños e veciñas a facer o Camiño de Santiago Portugués pola Costa, do 18 ao 21 de abril.

As datas de inscrición son do 25 de marzo ao 15 de abril.

O Camiño dividirase en catro etapas, nunha primeira irase de Vigo a Ponedra cunha distancia de 31,6km, o segundo día saírase de Ponedra e chegarase a Valga, con 33,1kms. O terceiro día a ruta irá de Valga a Galanas, con 20kms, para rematar o cuarto día en Santiago, cun percorrido de 10kms.

A saída farase o 18 de abril ás 7.30h da man dende a Praza do Concello de Salvaterra, cun autobús que nos levará a Vigo. Durante todo o percorrido levarase unha furgoneta de asistencia que se fará cargo das mochilas dos participantes, durmírase en pavillóns, pero dende a organización achégase tamén un listado dos albergues ou hostais dispoñibles nas rutas para todos aqueles que prefiran durmir pola súa conta. Volveremos o día 21 en autobús dende Santiago.

Para máis información www.concellodesalvaterra.org e inscricións en 605 821 672 (M^o Jesús), 687 761 709 (Elena) ou 699090931 (José Luís)

Homenaxe a mestra Concepción Delgado

O Claustro de profesores do CEIP de Leirado, persoal non docente e antigos compañeiros e compañeiras acompañaron á mestra Concepción Delgado Alfaro nunha calorosa homenaxe pola súa traxectoria profesional e persoal, no día do seu paso á situación de xubilación.

Nesta homenaxe recibiu numerosas mostras de afecto e recoñecemento ao seu labor, un álbum de fotos recordatorio do seu paso por diferentes centros educativos e a mostra de agarimo de antigas

alumnas, hoxe pandereteiras nun grupo local, que se sumou á homenaxe interpretando para e con ela algunhas pezas.

Todos os asistentes desexáronlle o mellor na súa nova andadura.

Na celebración do Entroido no Parque da Canuda, xunto con outras escolas de Salvaterra, o alumnado de Leirado agasallou á profe Conchi recitando unhas coplas adicadas a ela e entregando un ramo de flores. Tamén a ANPA lle fixo entrega dunha lembranza neste acto.



Salvaterra quiere convertir a Estación nun Museo Internacional do Ferrocarril

A Xunta de Goberno do Concello de Salvaterra acordou recentemente solicitar a Renfe a cesión das dependencias ferroviarias e o terreo e a antiga zona do peirao que integraban a Estación de Ferrocarril co fin de crear nestas instalacións o Museo Internacional do Ferrocarril.

O Concello de Salvaterra valora o que representa o sector ferroviario nesta comarca do Condado e en particular nesta localidade. Situada aproximadamente no centro do traxecto entre Ourense-Vigo, a existente estación de ferrocarril salvaterrense é similar á maioría das estacións dende Ourense a Vigo (Barbantes, Ribadavia, Filgueira, Frieira, Pousa, Arbo, As Neves, Caldelas de Tui, Tui, Guillarei, Porriño, Os Valos, Redondela, Chapela e Vigo).

Este conxunto de 16 estacións xunto cos recordos

afectivos dos familiares dos antigos traballadores así como a pegada económica, social e de materiais, como maquinarias, ferramentas, entre outras, "ben merece un Museo Ferroviario que recolla todo isto e que mellor lugar para a súa localización que a actual Estación do Ferrocarril de Salvaterra de Miño", manifesta o alcalde, Arturo Grandal.

Hai anos esta estación salvaterrense tiña un gran movemento tanto de viaxeiros como de mercancías. Daba tamén servizo ao Norte de Portugal e á Comarca do Condado, empregaba a máis de 25 traballadores, entre o persoal da estación propiamente dito e o persoal de vías e obras para o mantemento da vía entre As Neves e Guillarei e representaban daquela un dos piares socioeconómicos da comarca, eran os únicos centros de traballo do municipio os se-



rradoiros de madeira, unha fábrica de pedramol e de cerámicas.

Dende hai un tempo a estación de ferrocarril está só para servizo de viaxeiros. Trátase dunha parada para algúns trens de curto percorrido, en dirección Vigo e Ourense e sen persoal ferroviario.

Na actualidade a Estación de ferrocarril conta con sala de espera e varias dependencias ferroviarias así como una parcela y un espazo do

antigo peirao comercial.

Por outra parte, o Concello salvaterrense conforma a Eurocidade Monção (Portugal)-Salvaterra de Miño cun total de 30.000 habitantes (20.000 lusos máis 10.000 galegos) e este proxecto podería acadar a categoría tamén dun Museo Internacional Ferroviario, xa que Monção foi estación dos camiños de ferro na liña Valença-Monção con varias estacións na mesma.

Campamento de Semana Santa

O Campamento de Semana Santa, organizado polo Concello de Salvaterra dentro do programa de Conciliación familiar, terá unha duración de catro días, do 15 ao 22 de abril, nun horario de 09.00 a 14.00h, para nenos de 4 a 14 anos que se realizará na Casa de Cultura de Salvaterra de Miño, cun precio de 10€. Os interesados deberán inscribirse no Concello do 28 de marzo ao 8 de abril.

Ademais este ano o Concello vai ampliar a súa oferta de campamentos de Verán en catro quincenas, dando cobertura aos meses de xullo e agosto.

Visitas ao Museo da Ciencia do Viño

Fanse visitas guiadas ao Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea todos os venres, sábados, domingos e festivos en horario de mañá e tarde. Os grupos iranse conformando previa inscrición.

As inscricións poderán facerse vía telefónica ao 986.65.81.26 / 986.65.80.82 / 986.65.86.84, no enderezo electrónico turismo@concello-desalvaterra.org ou ben no Concello.



CONDADO/PARADANTA

Redacción

Ten que levar escornante, escaravellante e fozante

Por Guillermo Rodríguez

Estes eran os tres elementos indispensables que na tradición galega deben estar presentes en todo cocido galego que se precie de tal nome. Estes, ademais das berzas, dos garbanzos e das patacas, foron os compoñentes dun extraordinario cocido con o que Antonio, alma mater da adegas de Rubiós e hoxe promotor, emprendedor, dun proxecto NANDE –Hotel da Natureza, que está nacendo en Rubiós, As Neves, agasalhou a un reducido número de medios de comunicación e amigos.

Alí fomos citados para coñecer as instalacións deste novo complexo turístico-gastronómico que vai nacendo e asentándose nun pequeno promontorio que Antonio se empeñou en adquirir, parcela a parcela, ata xuntar os 30.000 m2 sobre os que se está erguendo paso a paso unha das máis importantes instalacións de Turismo Gastronómico natural de Galicia.

En breve, despois das eleccións “para que os políticos non o utilicen como fondo de foto electoral”, seremos testemuñas da inauguración real e oficial deste complexo gastronómico. Podemos asegurar que dará moito que falar; que

será un expoñente claro e determinante das posibilidades que existen no rural galego cando se conxugan a natureza, a boa arquitectura, os elementos que a natureza nos ofrece e persoas como Antonio xa coñecido e recoñecido en todo o mundo da viticultura galega, que hoxe está empeñado e facer de Rubiós, do seu pobo, un referente a nivel mundial no eido do enoturismo gastronómico. Xa ten unha adegas e uns viños recoñecidos e premiados en todo o mundo. Agora vaille poñer o curucho á meda: unhas instalacións modernas en plena natureza nas que poderemos desfrutar non só duns estupendos cocidos como o de días pasados, senón dunha modernas habitacións e dunhas extraordinarias instalacións para todo tipo de eventos: vodas, presentacións literarias ou gastronómicas.

Galicia, o rural galego, con homes como Antonio non está en decadencia; todo o contrario, albisca un futuro moi prometedor.

Queremos felicitar a este home humilde, traballador e quixote que non se asusta na loita cos xigantes do abandono, da incapacidade que hoxe dominan o panorama rural galego. El cre no que fai; pono en marcha e nós temos a obriga de seguilo, de espallalo,

de felicitalo.

Non podía faltar, como complemento a un succulento cocido, o postre, que nas Neves chámase requeixo con mel.

Este produto autóctono producido na Cooperativa Condado-Paradanta ten como figuras centrais a Alejandro Martínez e súa dona Ana María.

Esta cooperativa produce anualmente unhas dez toneladas de requeixo e unhas cinco de mel, aínda que nestes últimos anos polos inmisericordes lumes que se vengaron dos montes das Neves e contorna as abellas non sobreviviron. As colmeas quedaron feitas cinzas, dinos Ana María.

Durante a comida, mellor, á hora dos postres Alejandro disertou sobre como se elabora o requeixo; cousa que el ven facendo dende sempre e que aprendeu de seus pais que xa se dedicaban a este traballo. Daquela vendéndoo polas feiras a onde chegaba a lombo dun cabalo e agora é transportado por un automóbil especial.

O día de Venres Santo de cada ano celébrase, en As Neves, a xa tradicional Feira do Requeixo e do Mel. Ese día xentes de toda a contorna danse cita na vila galega para mercar e saborean ese precioso produto ao tempo que degustan a lamprea seca que non ten nada que envexar á lamprea verde.





SEÑORÍO DE RUBIÓS
Rías Baixas
Denominación de Origen

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós
As Neves, Pontevedra, Galicia, Spain
www.srubios.com
✉ info@srubios.com 📱 @SeñorioRubiós 📺 @s_rubios





SEÑORÍO DE RUBIÓS

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amato,
DESCÚBREOS!

XXVII Feira do Requeixo e Mel en As Neves

A Feira do Requeixo e Mel deste 2019, a número 28, que se celebra nas Neves, abrangue este ano un gran número de actividades que irán sucedéndose durante varias semanas ate chegar aos días 'centrais' desta celebración, que este ano serán dous: o 19 e 20 de abril.

O programa ten propostas

para o tempo de lecer, para maiores e cativos, para os amantes das tradicións, para aqueles e aquelas que queiran amosar as súa pericia culinaria ou para os e as que prefiran gozar, sen máis, da gastronomía.

Tamén haberá tempo para a música, novas experiencias relacionadas coa elaboración

do requeixo e a obtención do mel, para relacionarse coa natureza, para coñecer a cultura e as tradicións das Neves e para os e as amantes do deporte.

Precisamente estes últimos tiveron o domingo día 24 de marzo, as súas primeiras citas nas Neves, que inicia as actividades relacionadas coa Feira

do Requeixo e Mel. Trátase da VIII ruta BTT "Los 66 del Requesón", na que os participantes percorreron 33 quilómetros polos montes da vila, e unha Ruta de Sendeirismo de 8 quilómetros pensada para todas as idades, na que os camiñantes poderon admirar a beleza da parroquia de Cerdeira.



O Concello inicia o asfaltado, recuperación e mellora de pistas

Rematado o inverno e coa chegada do bo tempo, o Concello das Neves vén de iniciar o asfaltado nos viais municipais, que estarán rematados nos vindeiros meses.



Neste intre están en marcha Calvario, en Rubiós, e Casal, en Taboexa. Ademais xa está adjudicado o acceso a Setados, no barrio de Lamela e de Gende en Rubiós.

Coma adiantou o alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, están en proceso de contratación as obras máis importantes, "tendo en conta o tráfico das estradas, o servizo que prestan e o mal estado no que se atopan", dende Guimeráns, en San Pedro, ate

Santa Eulalia de Batalláns e a pista dende a Igrexa de San Pedro ate o Pousadouro en San Xosé de Ribarteme.

O alcalde subliña que está finalizando a fase de adjudicación o plan de retirada de raíces "en máis dunha dúcia de puntos", en moitas das parroquias e o Goberno local tramitou xa a subvención do 'Plan Camiños' da Xunta de Galicia, para renovar o asfaltado nos barrios da Chan e Filgueira.

Novas actuacións financiadas pola Deputación

A Deputación de Pontevedra aprobou, mediante resolucións presidenciais, tres novos investimentos para o concello de As Neves ao abeiro da Liña 1 do Plan Concellos 2019 por un total de 87.376,16 euros.

Máis polo miúdo, destináranse 26.587,75 euros para

levar a cabo as obras de mellora e conservación de edificios municipais, a antiga escola de San José de Ribarteme; outros 28.007,97 euros para a adquisición dun vehículo compactador estreito de recollida de lixo; e, por último, 32.780,44 euros para a pavimentación dos camiños de Guende e baixada a Setados.

**XXVIII FEIRA
DO REQUEIXO
E MEL**

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

19-20
Semana Santa
Abril 2019

As Neves

Concello de As Neves | Deputación de Pontevedra | Galicia | Xírasbaixas | ABANCA

CONDADO/PARADANTA

Redacción

Monção e As Neves proxectan unha ponte colgante peonil e para bicicletas no río Miño

Os Alcaldes de Monção e das Neves, Antonio Barbosa e Xose Manuel R. Méndez xunto cos técnicos visitaron nesta tarde do luns os lugares onde se proxecta a construción e instalación dunha ponte colgante no río Miño.

A ponte peonil que tamén permitirá o paso para bicicletas será posta en marcha a través do programa de cooperación europeo POPTEC e estará establecido dentro do Estudo de Mobilidade Transfronteriza, que impulsa a Deputación, como un elemento singular da zona e un



pontente atractivo turístico.

O Miradoiro de San Francisco, preto de Porto Maior, e a Freguesía da Bela son os pun-

tos de unión que permitirán conectar o galego Sendeiro dos Pescadores coa Portuguesa Ecopista.

A veciñanza das Neves aliviada no pago de impostos para reconstruir tralos lumes



O Goberno das Neves lembra que as accións aprobadas no seu día para facerlle fronte ás perdas ocasionadas polos lumes de outubro de 2017, seguen a beneficiar aos veciños.

Para facilitar que os afectados puidesen rehabilitar as súas propiedades, o Pleno do Concello, a proposta do Goberno local, acordou, coma subliña o alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, “unha redución do 95% no imposto de construcións”.

Ademais, estableceu unha bonificación no seu grao máximo-o 95%- para as obras de reparación, rehabilitación e reconstrución, ou nova construción, sempre

que veña imposta por imperativo legal, das edificacións xa existentes no termo municipal, que foran afectadas polo lume.

“Esta bonificación ten efectos retroactivos para tódalas solicitudes de licenza ou comunicacións previas efectuadas dende o 15 de outubro de 2017”, e estendeu os seus efectos a tódalas solicitudes de licenza ou comunicacións previas efectuadas para esta finalidade, ata o 31 de decembro de 2018.

Estas medidas supuxeron, subliña o alcalde, que “dende os lumes e ata finais do ano pasado as veciñas e veciños das Neves tivesen unha rebaixa de impostos de 62.612,43€”.

Malestar polo uso de herbicidas por parte da Xunta

O Goberno das Neves vén de amosar o seu malestar polo uso, por parte da Xunta de Galicia, de herbicidas para tratar as beiravías das estradas autonómicas que pasan polo concello.

Este malestar tamén foi trasladado polos veciños das parroquias nas que unha empresa contratada pola Administración galega está a empregar glifosato en lugar de rozar para acabar coa maleza.

O uso deste herbicida causa preocupación entre os veciños que teñen as súas casas e fincas

nas zonas nas que se está a sulfatar, aínda que dende a Xunta se asegura que non causa dano algún nin nos cultivos ni nos animais.

Óscar González, segundo tenente de alcalde, indica que esta empresa fixo chegar unha carta ao Concello na que “nos informa de que ao longo do ano vai empregar ata tres veces este procedemento”, aínda que non indica en que datas o van facer.

O pasado día 15, os empregados desta empresa estiveron traballando nas estradas PO-400 e PO-415, nos treitos da Plisan

a Vide e dende a rotonda da Plisan, pasando polas Neves ata o Stop, e na estrada PO-402 que vai dende Salvaterra a Vilasobroso e que pasa por Taboexa e San Pedro de Batalláns.

O Pleno do Concello aprobou unha proposta na que se rexeitaba o uso de herbicidas no término municipal de As Neves, unha decisión que foi comunicada á Xunta en varias ocasións recibindo como resposta que ao ‘sulfatarse’ nas estradas autonómicas a competencia é a decisión é exclusiva da Administración galega.



**Asesoría
laboral, fiscal e contable**

- Tramitación de todo tipo de subvencións
- Elaboración de proxectos (memorias, estudos de viabilidade, presupostos,...)
- Constitución de empresas
- Tramitación de documentos oficiais
- Asesoramento medioambiental

Axespa
Asesoría, Xestión e Servizos da Paradanta, s.l

Praza Maior, 8. 36440 As Neves
Telf: 986.66.46.02 - axespa@gilmatica.net

Cooperativa Condado Paradanta



36440 As Neves - Pontevedra
Telf: 986 664 602/ 629 813 675

comercial@requesonymiel.com
www.requesonymiel.com



XANTAR LIX FESTA DA LAMPREA MENÚ

Sábado 27 de
Abril 2019 *Restaurante*
Os Pirios
15:00 horas

Lamprea rechea con salpicón

Sabalo do miño frito en cama de
cachelo e crema de berros

Lamprea do miño estilo arbense
con arroz e picatostes

Cabrito de San Fins ou carne
estofada con guarnición

Brazo de gitano recheo de crema


-VIÑOS BLANCOS, TINTOS,
VIÑO ESPUMOSO DA ZONA DO
CONDADO D.O. RIAS BAIXAS
-AUGA, REFRESCOS E
LICORES

-PRECIO POR COMENSAL:
45€ POR COMENSAL, IVE
INCLUIDO

-DATA LÍMITE DE RESERVAS:
24 DE ABRIL DE 2019

-PAGAMENTO MEDIANTE
INGRESO NO NÚMERO DE
CONTA ABANCA: 2080-5011-
8230-4000-6781

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL



CONDADO/ PARADANTA

Sabores de Arbo: O Viño, A Lamprea e a Festa da Lamprea, contado por 10 blogueros gastronómicos de Galicia

Durante os días 9 e 10 de marzo, o Concello de Arbo organizou o encontro Blogtrip “Sabores de Arbo: o Viño, a Lamprea e a Festa da Lamprea”. Esta acción enmárcase dentro das actividades organizadas para promover os sabores únicos e emblemáticos como son o viño e a lamprea. E tamén para promocionar a Festa da Lamprea, que este ano cumpre 59 anos e que terá lugar os días 26, 27 e 28 de abril de 2019.

Por primeira vez Arbo acolleu blogueros gastronómicos e de viaxes con miles de seguidores na internet e redes sociais pairas conseguir ser un referente neste universo dixital e no sector turístico de Galicia e resto de España. Entre os invitados estaban Galicia Máxica, Seseixa Galicia con Niños, Galicia Mola, Caminante del planeta, Trucos Viajeros, Alvientooo, Petiscos Galegos,



Descubre cada día, Monster's Place ou Pedro Trasende de Aporta Comunicación.

Esta innovadora aposta tivo un gran impacto mediático en redes sociais. Ademais das diferentes publicacións en Twitter, Facebook e Instagram e o evento en prensa, radio e televisión, logramos ser Trending Topic a nivel nacional co has-

htag # SaboresdeArbo que superou os 15 millóns de impactos en Twitter. É dicir, a lamprea do miño, os viños albariños, condados e espumosos con D.O. Rías Baixas ou as increíbles paisaxes como o da Ponte de Mourentán ou a Ruta das Pesqueiras chegaron a millóns de usuarios na rede.

O programa de actividades

arrincou o sábado co recibimento dos participantes no Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea, e a posterior baixada á Praia Fluvial da Estación para a baixada ao río da Irmandade dos Cabaleiros da Lamprea. Pola tarde unha cata de viños das adegas de Arbo, á cal asistiron representantes de adegas da localidade,

e unha explicación histórica do museo. O domingo empezaron o día coa visita a unha das Pesqueiras do Río Miño onde Jose Antonio Nieto, lampreiro desde os 11 anos ensinaba as ancestrais técnicas de pesca deste milenar peixe, seguido dun percorrido polo Sendeiro dos Pescadores. Durante os dous días os blogueros degustaron a lamprea nos seus distintos estilos, á arbense, no seu sangue, asada, frita, rebozada, en empanada ou rechea. Como non, sempre acompañada cos viños das adegas de Arbo. Os blogueros quedaron gratamente sorprendidos co auténtico sabor da lamprea xa que a maioría non tiveran a oportunidade de probala. Esta experiencia terminou na Praza Consistorio asitiendo ao desfile de “Entroido”, que tamén chamou a atención destes famosos invitados pola espectacularidade da vestimenta que levaban as comparsas.

A Banda de Música de Arbo nomeada Arbense Distinguido

O Concello de Arbo, aproba no pleno de data 25 de marzo nomear Arbense Distinguido a Banda de Música de Arbo.

A banda de Arbo naceu no ano 1890. No ano 1956 a banda Arbense desaparece ata o ano 1991 sendo alcalde do Concello de Arbo Don Manuel Rivera, que promove o proxecto de “rexurdimento” da Banda de Arbo que levaba máis de 40 anos desaparecida.

Na actualidade o Concello de Arbo conta coa Banda de Música de Arbo, a Banda de Música Infantil de Arbo e a Escola de Música de Arbo, donde nenos e nenas con idades comprendidas entre os 7 e os 16 anos viven con ilusión a música e seguen coa



tradición.

Este distintivo como “Arbense Distinguido” entregarase no acto público “Gala da Lamprea” o 21 de abril de 2019, en agradecemento á importante labor que a Banda de Música de Arbo ven desenvolvendo no ámbito social e cultural desta vila dende o ano 1890.

I MARCHA-CONCENTRACIÓN
"SABORES DE ARBO: VIÑO E LAMPREA"

DOMINGO 14 DE ABRIL

Máximo 50 vehículos
(por orden de inscripción)

Prezo Xantar: 20€
(Será aboado a restaurantes)

10,00H: Reunión de Participantes en Praza Consistorio
11,00H: Saída da Ruta
12,30H: Parada e Visita Pesqueira na Praia Fluvial da Estación de Arbo
13,30H: Parada e Visita o Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea "Arbo"
14,00H: Xantar
17,00H: Exposición na Praza Consistorio

Inscripcións: Concello de Arbo
986 66 50 00 (Pablo)
comunicacion@prensa-arbo@gmail.com
Remata Prazo: 11 de abril

AGASALLOS PARA TODOS OS PARTICIPANTES

ARBO

Remantadas as obras da Ponte de San Xoán

O 28 de abril de 2017 o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria don Román Rodríguez González e o Alcalde do Concello de Arbo, Don Horacio Gil, asinaban un convenio de colaboración para a recuperación e consolidación da Ponte de Mourentan, que ten consideración de ben catalogados e incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia.

O proxecto cun orzamento de execución por contrata de 103.418,00 Euros asumido pola Consellería, e das obras se encargaba a Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia. Esta intervención estaba incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio cultural.

O obxecto da actuación foi acometer as obras necesarias

para evitar que continuáse deteriorándose este ben e, deste xeito, impedir que se producieran unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.

Esta ponte foi construída entre os séculos XIV e XV sobre o río Deva para facilitar o cruce ao antigo camiño dende Ribadavia a Tui que xa figuraba en documentos medievais. Tamén é recoñecido pola súa importancia como punto de defensa na Guerra da Independencia.



Crese que á altura de 1809, os veciños de Arbo defenderon os seus fogares e familias fronte ás numerosas tropas francesas nunha batalla que tivo lugar nos arredores

da ponte. A loita terminou co triunfo dos franceses, debido á súa superioridade numérica, pero o feito lémbrese cunha lápida instalada nunha columna nun dos lados da ponte.

O Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea Arabo recibe o distintivo SICTED



O pasado 12 de marzo celebrouse no Museo do Mar de Vigo a III edición da Gala Anual de Turismo Rías Baixas, evento no que se realiza un recoñecemento ao turismo da provincia coa entrega dos certificados SICTED, o distintivo que premia a excelencia e a profesionalidade de empresas e servizos turísticos, a este acto asistiu o alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil, alcalde de Arbo, para recibir o distintivo SICTED outorgado un ano máis ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea Arabo, distintivo de calidade que leva recibindo dende o ano 2006. Asemesmo o día 15 de marzo de 2019, o plenario municipal de Arbo aprobaba solicitar a integración do Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea na rede de oficinas "Info Rías Baixas" da Deputación Provincial de Pontevedra.

O centro de interpretación do Viño e a Lamprea Arabo, coroa as

terras do viño do Condado de Tea. Está conformado por tres plantas, estando a inferior composta pola recepción, un salón de actos e unha vinacoteca (tamén podería denominarse vinoteca), facendo honra aos nosos prezados caldos, onde veciños e visitantes poden atopar os viños das 10 adegas do concello de Arbo afirma o rexedor do Concello de Arbo, Horacio Gil, que continua dicindo que o municipio de Arbo permite aos visitantes gozar dunha excelente enogastronomía e á súa vez ofrece cultura, patrimonio e magníficas paisaxes. Arbo, cada vez, é máis demandado polo público en xeral, datos que se corrobora coas enquisas realizadas no museo Arabo durante todo o ano. Segundo os datos recollidos, no ano 2018 visitaron o museo 2.669 persoas. Neste último ano aumentou nun 39% o número de visitantes respecto aos rexistrados no 2017.

V MARCHA BTT LAMPREA
DOMINGO 21 DE ABRIL DE 2019
SAIDA 9:30H.
DENDE a PRAZA do CONCELLO
(zona de recollida de dorsais PAVILLÓN 8:15H.)

INSCRIPCIONES www.concellodearbo.es
Fecha de inscricións martes 16 de abril
enviar inscrición e pago o email:
oficinas2.concellodearbo@gmail.com

PREZO 10€ por participante
(SEGURO INCLUIDO)
ABANCA 9812 2080 8011 8230 4000 6781

35 KM APROX. (dificultade media/alta)
degustación de lamprea e pinchos,
agasallos e sorteo dunha bicicleta
"MERIDA"

ORGANIZA:
PATROCINA:
biziebike

ENTREVISTA

PONTEAREAS

Por Guillermo Rodríguez

Juan Carlos Carrera, candidato á alcaldía de Ponteareas por ACIP

24 Parroquias, 24 motivos: para nós as parroquias son todas iguais

Veterano político na vida local de Ponteareas. Puxo en marcha o seu propio partido que ven sendo decisivo en varias ocasións para constituir gobernos locais. Ten como lema a defensa das parroquias ás que afirma hai que prestarle os mesmos servizos que ao casco urbán.

Para coñecer como se vai presentar diante dos veciños nas vindeiras eleccións municipais “sometémolo” a un suave interrogatorio. Isto é o que deu de sí.

-Sr. Carrera, vde. é un veterano na política de Ponteareas pero aínda non foi quen de conseguir respaldo popular suficiente para formar un goberno. Cre que nesta ocasión o vai con querer?

Efectivamente o noso grupo político presentouse ás eleccións no ano 2011 tendo un respaldo importante con catro concelleiros, presentámonos en 2015 e agora 2019 convencidos de que ante o que está pasando no Concello, os veciños nos darán a responsabilidade de formar goberno, un goberno que será para todos os veciños.

-Vde. ven denunciando o que entende son mentiras do actual equipo de goberno. Díganos, brevemente, en que cuestión os actuais gobernantes están dando información errónea?

O actual goberno tivo unha oportunidade histórica pero o lamentable é que durante os 4 anos só fixeron política de división, confrontación, falando do pasado.

Cando alguén basea o seu traballo en falar do pasado é que non ten proxecto de presente nin futuro. O único que teñen conseguido é que Ponteareas permaneza aletargada, á cola na prestación de servizos e non se aproveitan os recursos que temos para atraer visitantes favorecendo ao noso comercio e hostalería. Coa súa información equívoca, diría tóxica, o único que lograron foi dar unha imaxe ao exterior que non é auténtica. O que fai é esconder a súa incapacidade para resolver os problemas que de verdade interesan aos veciños, creando un clima de

convivencia entre todos.

O curioso é que ao final de mandato este goberno endedouse en máis de 2 millóns de euros, e xa veremos as facturas que quedan no caixón, pero diso non se fala.

-Se logo das eleccións, deran os números, estaría disposto a consolidar un goberno de centro dereita co PP local?

Mire, nós presentámonos para liderar un goberno que volva ser capaz de ilusionar aos veciños, dende os máis pequenos, o mozos, os non tan mozos e os nosos maiores. Iso faise cun proxecto real con liñas claras de traballo, con dedicación, pero sobre todo con vocación para que Ponteareas volte ser o que era.

Os veciños decidirán os resultados das eleccións, falar antes sería non respectar as súas decisións. Temos que mirar cara adiante e o primeiro é respectar aos votantes. Teño claro que algúns seguirán intentando situarnos ideoloxicamente no lado que lles interesa (non teñen outro discurso nin proxecto) pero non o van conseguir. Nós non poñemos liñas vermellas; aquí caben todos os que veñan a traballar por Ponteareas; ese é o noso obxectivo.

-O goberno actual ven denunciando dende o primeiro día unha situación catastrófica, economicamente falando. Que hai de certo, segundo o seu criterio? Que culpa tiveron os actuais gobernantes en que o concello non puidera sanearse como fixeron os demais cando Montoro (daquela ministro da Facenda) ofreceu o chamado Plan de Saneamento Local?

Como dixen anteriormente, o actual goberno equivocouse na estratexia de derrubamento dos anteriores gobernantes. Os veciños non queren iso. Queren que o goberno local lidere o Concello, respecte as súas tradicións e que preste os servizos obrigatorios a todos. Fixeron o contrario, abandoaron as parroquias; privatizaron todos os servizos: alumado, xardinería, asesoría xurídica, vías e obras, contratan un gabinete de prensa e publicidade ao que pagamos todos máis de 17.000 euros anuais. En definitiva, pola súa incapacidade de xestión privatizaron o que antes defendían como público cando estaban na Oposición.

O Concello no ano 2013 aprobou un Plan de axuste esixido polo Goberno Central; os socialistas e nacionalistas votaron en contra; sen embargo agora que están no goberno mantivérono cando podían cambialo. O tempo demostra que non é boa a política de derrubamento, do non polo non. O noso grupo foi responsable e votou a favor do referido plan que saíu adiante cos nosos votos estando na Oposición. O que teño claro é que para alguén chegar a ser Alcalde da súa vila primeiro ten que ser responsable dos seus actos, tanto na Oposición como no Goberno e non practicar unha política de intereses partidistas como fixeron PSOE e BNG.

-ACIP presenta nos seus cartaces “24 solucións para 24 parroquias”. Cre que non están sendo ben atendidas polo actual goberno? Que faría vde. que non fixeron os actuais gobernantes?



Parte da Candidatura co Candidato J.C. Glez. Carrera no centro

Efectivamente, presentamos un programa “24 Parroquias 24 Motivos” porque queremos que todas sexan iguais. Xa está ben de discriminación en función dos resultados electorais, como fixo este goberno. Se somos iguais para pagar impostos tamén o temos que ser á hora de disfrutar dos servizos públicos que os gobenantes teñen que nos ofrecer. Nestes catro anos as parroquias sufriron un retroceso incalculable, incluso o propio casco urbano.

As Parroquias teñen dereito aos servizos obrigatorios: vías públicas, limpeza de gabias, recollida de residuos, alumado, colaboración no baleirado das fosas sépticas, colaboración cos colectivos veciñais priorizando as demandas propias de cada parroquia.

-Se as miñas informacións son correctas o último Plan de Urbanismo de Ponteareas (creo que se chamaba Normas Subsidiarias) data do ano 1995. Dende esa lonxana data ningún goberno local foi quen de ofrecernos un Plan de Urbanismo actualizado. Onde está o fallo? Son intereses inmobiliarios ou incapacidades políticas?

O que pasa co Plan Xeral é vergoñento. Catro anos de goberno e ninguén asume responsabilidades.

Efectivamente, estamos coas Normas Subsidiarias provisionais en vigor desde o ano 1995 nas Parroquias e no casco urbano. E agora pretenden aprobar, BNG, Partido Socialista e Riada do

Tea, un Plan Xeral que aniquila textualmente o Rural. Que está pasando? A contestación é ben fácil: para facilitar maior edificabilidade para algúns no casco urbano, faise pagar os pratos rotos ás parroquias. A solución é fácil: deixemos nas parroquias as Normas Subsidiarias en vigor para que o que queira edificar poida facelo. Realícese só modificación no casco urbano pero claro, habería que dicir quen son os beneficiados e non interesa sacar á luz os intereses ocultos. Por qué negociaron cuns propietarios e non con outros? Que pasa co Plan parcial da Lomba? Mentres algunhas empresas necesitan ampliarse este goberno mira para outro lado. Sinceramente, sen Plan Xeral non hai crecemento; pero ¿onde están os políticos que dicían que había que axudar o rural para que puidese crecer e agora fan todo o contrario? Defendamos o que é noso. O noso grupo non apoiará un Plan Xeral así; ante todo debemos defender os nosos veciños máis indefensos.

-Expoña, brevemente, como remataría vde. con esta situación e cales serían as primeiras iniciativas que poría en marcha nada máis chegar ao goberno?

A/ Aprobación do Plan Xeral con participación dos veciños. B/ Posta en marcha da Zona industrial da Lomba. C/ Plan de información en redes sociais e paneis informativos de lugares de interese en colaboración coa hostalería e comercio.

Continúa na páxina seguinte...

PONTEAREAS

Por Guillermo Rodríguez

Lino Costas. Candidato á alcaldía de Ponteareas por Esquerda Unida

“A nosa política estivo orientada á clase traballadora, aos máis desfavorecidos e ao medio ambiente”

Esquerda Unida foi chave para que o BNG se fixera coa Alcaldía, pero non aceptou entrar no goberno. Cecaís pensaba que dende fora podería influir máis na gobernabilidade de Ponteareas. Foi así? Que logros entende se conseguiron grazas ao voto de E.U.?

Efectivamente, no caso de entrar na Xunta de Goberno, Esquerda Unida estaría nunha situación moi minoritaria que lle impediría actuar con independencia. Lembre que o acordo de goberno foi unha especie de “pacto de silencio” en aras dunha suposta gobernabilidade. Sabíamos con quen tratábase e que, por exemplo, a privatización de servizos non supón para estes partidos ningún problema. Esquerda Unida está enfocada en desenvolver a política dende unha perspectiva de clase traballadora, algo que non atopamos por ningún lado nos partidos que formaron a Xunta de Goberno. Por iso, aínda que evidentemente non podíamos dar o noso apoio á alcaldía a ningún partido da dereita máis rancia, consideramos inadecuado entrar a formar parte do goberno.

Puxemos enriba da mesa cuestións como a participación veciñal, a necesidade de reorganizar o concello, a precaria

situación laboral do persoal laboral e funcionario e cuestións medioambientais, como a proposta das depuradoras naturais. Por outra banda, sabemos que a nosa presión para que se elaborara a primeira RPT do concello e se asinara un novo convenio foi determinante para que estes documentos foran finalmente aprobados.

Sería moi longo de expoñer todo o traballo desenvolvido nestes catro anos, pero o que quedou claro é que fixemos a nosa política orientados nos intereses da clase traballadora, ás persoas máis desfavorecidas e ao medio ambiente. Ao mesmo tempo a liña de traballo de Esquerda Unida foi enfocada a non impedir a gobernabilidade do concello. Un equilibrio ás veces difícil de acadar. En todo caso o noso traballo foi propositivo á vez que de control. Está claro que non puidemos chegar a todo o que quixéramos, pero iso foi debido principalmente ao feito de ter soamente a unha persoa con representación no Concello.

En 2015 E.U. no chegou a un acordo coa Riada do Tea para presentar unha soa candidatura. Foi acusada de “cesarista” por non someterse ao voto da militancia. Volverá a darse esta situación nas vin-

deiras eleccións municipais? Os votantes voltaremos a dispor de dúas candidaturas?

A verdade é que, ata agora, Esquerda Unida descoñecía esa falaz acusación de “cesarista” e a desmentimos tallantemente. A nosa organización ten unha tradición participativa antes da moda da “nova política”. A decisión de facer ou non unha candidatura conxunta con ARDT foi debatida co conxunto da militancia e decidiuse que non era viable. O feito de que decidiran levar como cabeza de lista a unha persoa que se cambiou de partido en pleno proceso das eleccións foi, entre outras, unha cuestión determinante. E co tempo demostrouse que tiñamos a razón.

Por outra banda, supoñemos que haberá nas eleccións municipais bastante máis de dúas candidaturas, cada unha representando un proxecto político distinto. A de Esquerda Unida será unha delas.

Digame que proxectos se quedaron no tinteiro aínda contando con o voto decisivo de E.U.? Que tivera feito se chegara á alcaldía con votos suficientes para gobernar ou para encabezar unha opción de goberno?

A verdade é que moitas cuestións, como o regulamento



de participación cidadá ou o regulamento de funcionamento interno, quedaron no aire debido ao desinterese da Xunta de Goberno, que se ben apoiou estas propostas, despois deixou as morreren. Pero iso non é xa a responsabilidade de Esquerda Unida.

Están tamén pendentes cuestións como a integración no suposto “Plan integral de Saneamento” da nosa proposta de depuradoras naturais e está en fase de estudo a da creación dunha cociña municipal para non ter que depender de empresas de catering. Tamén está pendente levar adiante o proceso de remunicipalización do

servizo de abastecemento e saneamento, unha proposta de Esquerda Unida que foi aprobada por unanimidade no pleno pero que a Xunta de Goberno non puxo aínda en marcha.

Se Esquerda Unida tivera responsabilidades de goberno, o primeiro sería centrarse máis en feitos e menos en actividades puramente propagandísticas: a mellora do saneamento e abastecemento, a remunicipalización deste servizo, o control sobre as empresas xestoras, o apoio á produción agrícola local, un maior apoio ás persoas en dificultades económicas ou de vivenda serían, entre outras as nosas prioridades.

...ven da páxina anterior.

D/ Remate dos vertidos da depuradora. E/ Creación dunha área desde a Moscadeira ata A Freixa. F/ Recuperación da Freixa e Camping. G/ Posta en marcha dunha rede de sendeiros municipais. H/ Creación dunha zona de parada de autocaravanas. I/ Creación nos primeiros 100 días de Goberno

de 500 prazas de aparcamento público. J/ Creación dunha verdadeira policía local que sexa cercana aos veciños e con patrullas de a pé. K/ Posta en marcha dun plan de colaboración cos centros culturais e colectivos de comunidades de montes, e de apertura de centros de día nas Parroquias.

L/ Creación dunha oficina de turismo e concellalía concreta do Corpus, das festas Parroquiais e festas gastronómicas. LL/ Posta en marcha do Patronato Municipal de Deportes con colaboración na xestión diaria dos clubs e un verdadeiro plan de axudas. M/ Mellora e construción dunha rede de

instalación deportivas e cambio urxente do campo de herba sintética de Pardellas e Angoares. N/ Posta en marcha durante os catro anos dun circuito cultural entre os centros das parroquias e asesoramento dos mesmos. Ñ/ Recuperar os centros sociais como centros de reunión e encontro de nosos

maiores. O/ Finalmente, ampliación do cadro de persoal na concellalía de servizos sociais: traballadoras sociais, técnicos, etc.

Grazas Sr. Carrera, que no mes de maio poida, cal Curros Enríquez local, recoller todas esas “crocas” dos seus castiñeiros.

ENTREVISTA

Por Guillermo Rodríguez

Belén Villar. Candidata á alcaldía de Ponteareas polo Partido Popular

“O goberno actual está vivindo de rentas”

Foi concelleira de Facenda no último goberno local do PP. Atopouse cunha débeda incontrolada que sobrepasaba todo o imaxinable (25 millóns de euros). Dinos que cando deixou o goberno a situación estaba controlada; de feito logo dos tres primeiros anos do actual goberno o concello presenta superávit.

1/ Nome completo, profesión e actividade laboral e política nestes momentos, se procede.

Belén Villar González, Licenciada en Económicas pola Universidade de Vigo. Deputada provincial e concelleira no Concello de Ponteareas.

2/ Sra. Villar, vde. era a responsable da Facenda do Concello na lexislatura anterior. O novo goberno dende o primeiro día acusa ao seu goberno de despilfarro económico e de endebedar as arcas municipais ata cantidades desorbitantes. Explique aos nosos lectores causas e razóns da situación económica do Concello de Ponteareas.

No ano 2011 entrei en política activa. Tocoume lidiar coa crise económica no seu punto máis álxido. O goberno central obrigou aos concellos endebedados a actualizar as súas contas e non permitía seguir aumentando a débeda. En Ponteareas levábase dende o ano 2005, cun goberno do Partido Popular facendo fronte ao elevado endebedamento que tiña o Concello orixinado por Gobernos anteriores, entre os que tamén estiveron o BNG e o PSOE.

Cunha serie de medidas económicas que se recolleron nun plan de axuste e nun plan de saneamento, que se realizou en Ponteareas sendo eu concelleira de Facenda, cos votos en contra de BNG e PSOE, o que foi todo un logro sacalos adiante, tendo en conta que o noso grupo estaba en minoría. Con estes plans e coas medidas puidose rematar coa débeda que quedaba nos tres

anos seguintes, do 2014 ao 2016. A partir de aí situación do Concello volveuse positiva e de superávit.

Os que entenden un pouco de economía saben que unha débeda de máis de 25 millóns de euros como había no ano 2005 non se salda por arte de maxia. E o tripartito actual non eliminou ningunha desas medidas que dicían eran tan perxudiciais, e tampoco nestes catro anos gobernando se lles coñece algunha medida en materia económica. Co cal, a miña conclusión é que “viven de rentas”. E aínda así, a pesar da boa situación que haia gora están a hipotecar ás corporacións futuras con préstamos a oito e quince anos, por mais de 1 millón de euros que eles non van a pagar.

3/ Como pasa sempre, os novos gobernos aproveitanse do bo que puidera facer o anterior pesentándoo como propio e descalifican aos seus antecesores naquilo que entenden fixeron mal. Díganos que obras ou proxectos deixaron vdes. a medio facer por falta de cartos ou de tempo e que outros quedaron simplemente anunciados?

-Para nós, sen dúbida, a mellor herdanza que recibiu este tripartito foi a económica, porque grazas ao saneamento que fixemos, rematou a retención do Estado que sufría o Concello de máis de 2 millóns de euros cada ano e ademais podía acceder a subvencións ao estar ó corrente de pago coa Seguridade Social e coa Facenda do Estado, grazas ao cal, entre outras, o noso Concello, recibiu no ano 2016 fondos europeos

por 5 millóns de euros, para realizar inversión no noso municipio, e grazas tamén a ter unhas arcas saneadas este Concello puido pór o 20% desas subvención, cousa impensable hai uns anos.

En canto a obras, a pesar da situación que economicamente non axudaba, logramos inversión exemplares para Ponteareas, como o Regato da Venda, que supuxo máis de 3,5 millóns de euros ou unha ETAP para o tratamento da auga, entre outras moitas obras de saneamento no rural, de construción de centros culturais, etc. Fondos que xestionamos en colaboracións con outras administracións como a Deputación e a Xunta de Galicia, que durante eses anos axudaron moito a Ponteareas.

Qué proxectos nos quedaron por rematar?, pois por exemplo a senda do Tea que este Goberno desviou os cartos para outros asuntos, ou a reforma do Paseo Matutino, que finalmente este goberno tripartito, tendo os cartos que lles deixamos no ano 2015, cambiou o proxecto que tiñamos, e aínda así tardaron catro anos en executar a obra.

4/ Vde, foi presentada polo seu partido como Candidata ao posto de Alcaldesa nas vindeiras eleccións de maio. Vai reivindicar o programa anterior ou entende debe presentar proxectos novos e actualizados?

Hai tres piares aos que creo que todos os que nos presentamos á Alcaldía de Ponteareas non deberíamos renunciar. O primeiro é a aprobación urxente do PXOM, Ponteareas non pode avanzar sen ter este plan apro-



bado. O segundo é a finalización do saneamento, no século no que estamos non pode ser que os veciños non teñan saneamento nas súas casas, isto implica unha ampliación da EDAR, que é o que o fará posible. E por último, a variante-circunvalación e a mellora da seguridade na N-120. Son infraestruturas irrenunciáveis, temos que facer a forza necesaria para que saian adiante. Ponteareas necesita urxente unha conexión directa coa A-52 para desatascar a entrada na vila e tamén melloras viarias na N-120 que por desgraza é un foco de siniestralidade e perigosidade para os nosos veciños.

A maiores, nos últimos meses mantiven reunión e fixemos enquisas para coñecer as necesidades dos ponteareáns. Os resultados serán plasmados no meu programa electoral no que xa presentamos proxectos tan novedosos como unha zona de lecer con piscinas inclusivas.

5/ Actualmente, nos partidos, está de moda presentar gobernos paritarios en canto ao xénero ou incluso gañando o sexo feminino. Vai seguir estas pautas na constitución da súa Candi-

datura?

O meu equipo será de persoas competentes e traballadoras. A muller ten un especial protagonismo xa que eu son a que encabeza a candidatura pero eu non me rodeo de persoas segundo o seu xénero senón segundo o que teñan que aportar para o noso proxecto e a nosa vila. O que podo dicir é que todas son persoas moi vinculadas e coñecidas no municipio e que a renovación será dun 80% tal e como me solicitaron afiliados e o propio partido.

6/ En Europa e no resto do mundo, un político pode servir ao seu País aínda en idade avanzada. Sen embargo por estes pagos existe a crenza de que despois dos sesenta xa pouco ten que dicir. Vde. que opina?

Temos un claro exemplo no noso Concello. E tamén en Vigo. Represas e Abel Caballero son persoas xubiladas que exercen a política. Tamén podo falar dun gran presidente como Fraga, que exerceu ata o final da súa vida. O que si creo é que hai que dar paso tamén aos mozos/as. Eu estoume rodeando de xente moi nova.

Continúa na páxina seguinte...

CONDADO/PARADANTA

...ven da páxina anterior.

Teñen moita ilusión e gañas de cambiar as cousas e iso creo que é bó a hora de xestionar un Concello. Ter un equipo que lle poña gañas e do que tamén aprendas cousas, xa que os mozos ás veces tamén nos ensinan aos que xa temos unha idade avanzada.

7/ De pronto, en Ponteareas. nacen novas formacions políticas. Cre que o panorama está para novas aventuras?

Creo que estas novas formacions fan ben en presentarse, están no seu dereito. Sen embargo, a división do voto leva ao goberno a for-

macións bipartitas e tripartitas que crean moita inestabilidade nos concellos. Actualmente en Ponteareas temos un tripartito formado por grupos de ideoloxía muy dispar que só se unen para gobernar e para que o PP, que foi a forza máis votada, non governe. Eu

teño un reto maior que o de calquera candidato; teño que gañar por maioría absoluta se quero ser alcaldesa. Por iso chamo á responsabilidade aos meus veciños/as, a fragmentación do voto crea gobernos inestables como o actual.

8/ Aventúrese a dar aos nosos lectores os resultados das vindeiras eleccións municipais?

Creo que imos obter o respaldo suficiente para gobernar e tamén penso que o PSOE vai ser castigado.

A candidata do PP propón a construción dunha piscina familiar

A proposta presentada é unha zona lúdica con dúas piscinas. Estarán diferenciadas por grupos de idade: unha piscina familiar con elementos acuáticos para nenos e adolescentes, que ademais é inclusiva. Contará con cataratas, chorros, tobogáns e unha zona de splashpad, entre outros elementos. Poderá ser utilizada por nenos, novos e maiores e será de baixa profundidade. A segunda piscina está pensada como zona de relax e nela haberá hamacas.

Por outra banda, está prevista a construción dun parking de 5.000 metros cadrados.

Tamén haberá unha zona de vestiarios e oficinas, que ocupará 240 metros cadrados.

En canto á localización, Belén Villar explicou que “valoramos varios sitios posibles, próximos ao centro urbano, pero imos someter a votación cidadá nas redes sociais”.

A candidata do PP asegurou que “é un proxecto co que Ponteareas pode empezar a recuperar a ilusión, co que os cidadáns van estar moi satisfeitos porque seremos pioneiros na provincia de Pontevedra e co que atraeremos a visitantes doutras partes de Galicia, pero tamén de Portugal”.



REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

MATRÍCULA GRATUITA

CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - Tº B
654 07 57 51

Talleres Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG TALLERES

mifollas

LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATIERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

Mini DH urbano en Mondariz

O día 13 de Abril celebrábase en Mondariz, a primeira proba deste ano de Minidh, tratase dunha proba urbana, na que os nenos e nenas disfrutarán dunha serie de obstáculos feitos para o evento.

Esta proba é a primeira das sete probas que compoñen o Minidh deste ano 2019, isto é debido a aposta de sete Clubs para potenciar a modalidade de ciclismo de descenso dende a base.

Un deles foi o Club Ciclista Ponteareas, que non dubidou un momento en organizar unha das probas, pondo en contacto co Concello de Mondariz, a os cales lles gustou a idea e por iso o 13 realizarase un Dh, neste caso Urbano polo centro de Mondariz. Para a infraestrutura da proba contarán

coa axuda de Sportskids, empresa organizadora de eventos deportivos para os máis pequenos.

A proba é realizada por parte do Concello de Mondariz en homenaxe a Borja Gomez Mendez, ciclista do Ponteareas con Síndrome de Down, sendo a familia paterna natural de Mondariz, onde lle teñen gran aprecio e gran orgullo por Borja e a superación e integración que demostra cada día.

Esta proba está calendarada na Federación Galega de Ciclismo, polo que participarán clubs ciclistas de toda Galicia, pero tamén pode participar calquer neno ou nena que o desexe, so é necesario ter entre 4 e 14 anos de idade. Na proba teran varias proteccions nece-



sarias para participar, as cales foron doadas por corredores de toda a comunidade para os nenos e nenas que participen nestas probas e carezan de proteccions propias.

Tamén estará na proba a Fundación Dani Rivas, Piloto de Motociclismo de Moaña, o cal faleceu no ano 2015 nun accidente en Laguna Seca.

O secretario xeral de Deporte na Cañiza



O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, desprazouse ata o concello da Cañiza onde, acompañado polo alcalde, visitou o complexo deportivo municipal formado pola casa de cultura, piscina climatizada e

ximnasio para supervisar as obras das pistas de padel que en breve entrarán a formar parte da oferta deportiva do Concello. A Secretaría Xeral para o Deporte realizará a cuberta das dúas pistas que contarán cunha subvención de 40.000 euros.

Mondariz pon en marcha unha enquisa sobre o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable

O Concello de Mondariz está a desenvolver unha enquisa entre a cidadanía de cara a deseñar o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable, unha ferramenta que o Concello considera "básica" para a planificación e toma de decisións sobre a mobilidade no municipio.

A enquisa cidadá trata, segundo explica o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín, de "atopar entre todos maneiras de mellorar a mobilidade no concello". En base a esa premisa, veciños e veciñas expresarán a súa opinión sobre o xeito de desprazarse e o modo en que utilizar os espazos públicos.

Interesa, sinala o alcalde de Mondariz, coñecer "cómo nos desprazamos tanto dentro do

concello como a outros da contorna" independentemente do motivo polo que se fagan estes desprazamentos (traballo, estudos, compras, lecer...), analizándose temas como aparcadoiros, seguridade viaria, configuración das rúas, falta ou non de beirarrúas...

O estudo permitirá facer a vila "máis accesible" xa que contribuirá a eliminación de barreiras arquitectónicas, mellorará a relación entre peóns e vehículos e facilitará o acceso aos transportes públicos.

Para participar na enquisa, veciños e veciñas poderán facelo a través de internet enchendo o cuestionario que figura nesta ligazón: <https://www.cognitiforms.com/PlanificacionTEC/MOBILIDADEMONDARIZ> ou parti-

cipando nas mesas veciñais que se desenvolverán dentro deste proxecto.

A opinión dos veciños servirá para preparar estratexias e propostas concretas que pasarán a formar parte do plan" e estarán integradas en liñas de actuación financiadas pola Unión Europea, o Estado, a Xunta e a Deputación a través de distintas liñas de axuda.

Trátase, resume Xoán Carlos Montes Bugarín, que "entre todos e todas tratemos de facer un concello no que, a calidade de vida sexa cada día mellor a través de melloras na contorna, na inclusión social e deseñando estratexias para reducir as emisións de CO2 e, polo tanto, gozar de mellores condicións medioambientais".

O alcalde da Cañiza defende o rural na FEMP



Miguel Domínguez asistiu o xoves, 7 de marzo, en Madrid á última reunión desta lexislatura da Comisión de Despoboación da Federación Española de Municipios e Provincias á que pertence dende que fora designado o 15 de abril de 2016 xunto con outros 24 representantes de Concellos de todo o territorio nacional, presidentes de deputacións e senadores. Xunto con outro alcalde galego, Miguel Domínguez representou e defendeu os

intereses de todos os concellos de menos de 5500 habitantes. En total máis de 4.700 municipios en toda España en risco de despoboación.

Unha comisión na que se traballou para aprobar 79 medidas que deben aplicarse urgentemente por parte de todas as administracións para tratar de frenar a despoboación.

Durante estes anos de traballo na Comisión, o Alcalde transmitiu a súa preocupación pola despoboación que sofre o rural e as posibilidades reais de frear esta tendencia.